

## ANEXO

c.1) Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

-Serafín Martínez Martínez (alcalde de Fornelos de Montes).

-Luís Milia Méndez (alcalde de Carballeda de Avia).

-José A. Dono López (alcalde da Estrada).

-Claudio Garrido Martínez (alcalde de Sarria).

-Mar Martín García (concelleira de Santiago de Compostela).

-Julio Álvarez Núñez (alcalde de Quiroga).

-Javier Francisco Caínzos Vázquez (alcalde de Curtis).

-Martíño Noriega Sánchez (alcalde de Teo).

d.1) CC.OO.:

-José Luis Marcos Luaña.

-Clara Gamarra Lozano.

-M<sup>a</sup> Dolores González Lorenzo.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, e se procede á súa convocatoria.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 parágrafos 22º, 23º e 24º que lle corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, aplicándose entre outros ao ámbito da xuventude.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción socio-cultural, no ámbito de xuventude e o desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 1º a estrutura básica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que conta coa Secretaría Xeral do Benestar a que corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, desenvolvido polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, como órgano da Administración autonómica responsable do exercicio das competencias e funcións en

materia de políticas activas de xuventude, entende que para facilitar a formación da xuventude e acadar a súa autonomía persoal, é fundamental promover o coñecemento de idiomas dos países da Unión Europea, por ser este ámbito xeográfico unha ampliación da nosa sociedade e, polo tanto, unha ampliación das posibilidades onde acadar a integración e a autonomía persoal da nosa xuventude.

Así mesmo, a formación en idiomas estranxeiros configúrase como un obxectivo instrumental que dota de operatividade a función de fomento e promoción de intercambios e mobilidade de mozos e mozas con países estranxeiros. Reducir os obstáculos lingüísticos e culturais facilita a mobilidade dos cidadáns da Unión Europea promovendo deste xeito o concepto de cidadanía europea e o dunha Europa política.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca anualmente unha liña de subvencións similares co obxecto desta orde, dirixida aos estudantes que estean matriculados nalgún centro universitario. Para cubrir o colectivo da xuventude que non cumpre este requisito excluínte, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar entende que para darlles igualdade de oportunidade a todos os mozos e mozas, os destinatarios desta orde de subvencións deben ser aqueles que non estean matriculados nun centro universitario.

Esta convocatoria axústase ao disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Por todo isto,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto establecer as bases para regular a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a mozos e mozas para realizar un curso de idiomas en calquera estado membro da Unión Europea, agás España, e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará as anteditas axudas con cargo á partida orzamentaria 05.42.313A.480.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cunha contía de 100.000 euros.

Artigo 3º.-*Destinatarios.*

1. Poderán solicitar as axudas todas as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter entre 18 e 30 anos ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

b) Ter fixada a súa residencia en Galicia.

c) Realizar un curso de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, agás España, cunha duración mínima de tres semanas e como máxi-

mo de cinco e cun mínimo de 20 clases por semana, no período comprendido, única e exclusivamente, entre o 1 de xuño e o 31 de outubro de 2008. Cada clase terá unha duración mínima de 45 minutos.

d) Non estar matriculado no curso académico 2007/2008 en ningún centro universitario. Poden solicitar axudas as persoas que xa finalizasen os seus estudos universitarios con anterioridade ao curso 2007/2008.

2. Quedan excluídos os solicitantes a que se lles concedese axuda no ano 2007 e non xustificasen a realización do curso.

#### Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes, debidamente asinadas polo solicitante e segundo o modelo oficial que figura no anexo I desta orde, presentaranse no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (edificio administrativo San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela), nas delegacións provinciais ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 38,4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, para a presentación de instancias. Se a solicitude se remite por correo, presentárase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de certificarla.

2. O prazo de presentación de solicitudes será duns meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Deberá presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante.
- b) Programa do curso en que constará:
  - Centro de estudos no que se realizará.
  - Localidade e país.
  - Número de semanas e data de comezo e finalización.
  - Número de clases e duración de cada clase.
- c) Xustificación de ingresos da unidade de convivencia (anexo II).
- d) Certificado de convivencia.
- e) Certificado de ser membro dalgunha entidade, inscrita nos censo de entidades xuvenís ou entidades de acción voluntaria da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, de ser o caso.
- f) Fotocopia compulsada do libro de familia numerosa, de ser o caso.
- g) Declaración responsable do solicitante conforme non percibe ningún outro tipo de bolsa ou axuda de ningunha outra entidade pública para cursos similares aos que son obxecto desta orde.
- h) Declaración responsable de non estar matriculado en ningún centro universitario, galego ou de fóra de Galicia, no curso académico 2007/2008.
- i) Documento orixinal, facilitado pola entidade bancaria, acreditativo da existencia dunha conta bancaria aberta a nome do beneficiario, en que conste o código da conta do cliente comprensivo dos códigos que identifican o banco ou caixa, a oficina, o dígito de control e o número de conta.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos ou a documentación sinalada, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. De non facelo, terase por desistido da súa petición, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 5º.-*Criterios de avaliación.*

1. Os criterios de avaliación que se terán en conta para conceder estas axudas serán os seguintes:

-Maior duración do curso en número de clases e duración de cada clase (ata 40 puntos).

-Menores ingresos da unidade de convivencia en renda per cápita (ata 40 puntos). Os solicitantes que non presenten o certificado de convivencia terán unha puntuación de 0 puntos.

-Pertencer a unha asociación xuvenil ou entidade de acción voluntaria inscrita no censo de entidades xuvenís ou entidades de acción voluntaria dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade (15 puntos).

-Ser membro de familia numerosa (5 puntos).

2. Para os fins do cómputo de ingresos que se aplique esta convocatoria, considerarase unidade de convivencia do solicitante a composta por este e por todas as persoas que estivesen domiciliadas xunto con el, na data do día anterior ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, sempre que lles una unha relación de parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive. Na unidade de convivencia estará comprendida, se é o caso, a persoa que estea convivindo co solicitante en análoga relación de afectividade á do cónxuxe. Non se considerará ruptura do vínculo de convivencia os casos de separación transitoria ou ocasional por razóns de traballo, estudos e demais circunstancias similares, así como os casos en que a persoa ausente tivese que permanecer ingresada nalgún tipo de centro hospitalario ou residencial a causa do seu estado de saúde o das súas condicións de dependencia. O cálculo de menores ingresos en renda per cápita será igual ao resultado de dividir a suma dos ingresos anuais do solicitante e das persoas que configuran a súa unidade de convivencia, entre o número de persoas que conviven, perciban ou non ingresos.

#### Artigo 6º.-*Contía das axudas.*

1. A contía que se concederá será de 1.200 euros para o curso de 3 semanas, 1.500 euros para o curso de 4 semanas e 1.800 euros para o curso de 5 semanas.

2. A contía de cada unha das axudas destinarase a sufragar parte dos gastos derivados do desprazamento, matrícula, manutención ou aloxamento no estado concreto en que se desenvolva o curso, distribuíndose en todo caso ata o límite da consignación orzamentaria desta orde.

3. Estas axudas son incompatibles co aproveitamento de calquera outro tipo de axudas ou bolsas de institucións públicas destinadas a actividades similares.

4. O importe da axuda regulada terá que ser de tal contía que, en ningún caso supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

*Artigo 7º.-Comisión de avaliación.*

A selección de beneficiarios será realizada por unha comisión de avaliación integrada por:

Presidenta: a subdirectora xeral de Programas.

Vogais:

-A xefa de servizo de Programas.

-A xefa de servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

-O xefe de sección de Xestión Económica.

Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, que actuará con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes algún dos compoñentes non puidesen asistir, será substituído pola persoa que para o efecto nomee o director xeral de Xuventude e Solidariedade.

*Artigo 8º.-Tramitación e resolución.*

1. As axudas serán adxudicadas polo director xeral de Xuventude e Solidariedade que resolverá por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, por proposta da comisión de avaliación. A comisión de avaliación dirimirá os posibles empates dando preferencia aos solicitantes de maior idade.

2. A adxudicación das axudas farase atendendo á puntuación total obtida. Esta adxudicación terá o carácter de concorrencia competitiva, polo tanto, non será suficiente para a obtención da axuda, reunir todos os requisitos exixidos, senón tamén obter un número de orde que o sitúe dentro do total das axudas que se van conceder, tendo en conta o límite do orzamento consignado no artigo 2º desta orde. Para estes efectos, aprobaranse tres relacións: unha, en que se incluírán os candidatos que resulten adxudicatarios das axudas; unha segunda, en que se incluírán os candidatos que cumpran os requisitos pero non alcancen un número de orde que lles permita obter a axuda; e unha terceira, en que se incluírán os candidatos aos cales lles sexa denegada a axuda. Os solicitantes incluídos na segunda relación quedarán ordenados de acordo coa puntuación obtida e constituirán a lista de reserva coa cal se irán substituíndo, por rigorosa orde, os adxudicatarios que renunciaren á axuda.

3. A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento adminis-

trativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Unha vez notificada a resolución, os adxudicatarios terán un prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

4. Unha vez ditada resolución, non se permitirán modificacións no curso que se vai realizar, debendo suxeitarse o beneficiario ao solicitado. Excepcionalmente, cando por causas suficientemente xustificadas, teña que modificarse a data de realización do curso, o director xeral de Xuventude e Solidariedade poderá autorizar a modificación deste extremo unicamente, coidando que as restantes características do curso non varíen e se respecten con rigor os límites establecidos no artigo 3º c) desta orde.

5. Os solicitantes a que non se lles concedese a subvención disporán dun prazo dun mes, contado a partir da comunicación da resolución, para retiraren a documentación presentada. Transcorrido este prazo, esta arquivarase. Non obstante, quedan excluídos os solicitantes que figuren na lista de reserva, que non poderán retirala ata transcorrida a data límite para poder substituír os beneficiarios que presenten renuncia.

*Artigo 9º.-Pagamento.*

1. Unha vez concedida a subvención e notificada a resolución, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade poderá efectuar proposta de pagamento anticipado dun 80% sobre a subvención concedida, por petición do beneficiario. Para efectuar o pagamento anticipado, é imprescindible presentar xustificante do pagamento da matrícula do curso, a través de factura orixinal ou fotocopia compulsada desta, así como documentación que acredite o período de realización do curso.

2. O pagamento do segundo prazo da cantidade adxudicada efectuarase unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada conforme o artigo seguinte.

3. En calquera caso, o aboamento destes anticipos e pagamentos suxeitarase ao disposto no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e de acordo co artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 10º.-Xustificación da axuda.*

1. O período que se establece para xustificar estas axudas abarcará ata o 15 de novembro de 2008 inclusive.

2. Os beneficiarios presentarán para xustificar a axuda:

a) Certificado emitido polo centro de idiomas en que constará a efectiva realización do curso así como o período en que se desenvolveu e o número de horas lectivas por semana, xunto coa correspondente tradución.

b) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos derivados da realización do curso (matrícula, desprazamento, manutención ou aloxamento), ata a contía total da axuda concedida.

c) A xustificación dos gastos que se ocasionen no país en que se desenvolve o curso, realizarase a través de documentos mercantís que os acrediten, de acordo coa súa lexislación, acompañados da correspondente tradución.

3. Así mesmo, deberán presentar, no momento da xustificación da execución total da actividade subvencionada e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, unha declaración complementaria de non ter percibido outras axudas para a mesma actividade, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

#### Artigo 11º.-*Obrigas do beneficiario.*

1. Empregar a axuda recibida en sufragar os gastos inherentes á realización do curso de idiomas solicitado.

2. Xustificar os gastos incorridos na matrícula, desprazamento e estada no país onde realice o curso, así como o aproveitamento do curso do xeito especificado no artigo 10º desta orde.

3. Estar sometido ás actuacións de comprobación que efectuará a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

#### Artigo 12º.-*Reintegro ou modificación da subvención.*

1. Procederá o reintegro nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e nos termos do artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente nos casos seguintes:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidisen.

b) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Incumprimento total ou parcial da realización do curso.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención doutras subvencións ou axudas outorgadas

por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da axuda.

#### Artigo 13º.-*Renuncias.*

1. Se por calquera circunstancia o beneficiario non puidese realizar o curso de idiomas, deberá presentar unha renuncia á subvención concedida; a renuncia deberá formalizarse antes do 15 de agosto de 2008. Se o beneficiario procede da lista de reserva e a comunicación da resolución é posterior á dita data a renuncia formalizarase coa maior brevidade.

2. Os destinatarios das axudas que renuncien a ela poderán ser substituídos pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade de acordo coa lista de reserva prevista no artigo 8º desta orde.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Apróbese a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar no director xeral de Xuventude e Solidariedade, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-En todo caso, a concesión das axudas terá como límite global a cantidade consignada na correspondente aplicación orzamentaria para o ano 2008.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de aplicación.

Cuarta.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, coa presentación da solicitude o beneficiario autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de axudas, subvencións e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas concedidas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E  
DO BENESTAR

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A PERSOAS FÍSICAS PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE IDIOMAS EN CALQUERA DOS ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VP316A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	CIF / NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
		CORREO ELECTRÓNICO

## E na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- COPIA DO DNI.
- PROGRAMA DO CURSO.
- XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS (ANEXO II).
- CERTIFICACIÓN DE CONVIVENCIA.
- CERTIFICADO DE SER MEMBRO DUNHA ASOCIACIÓN XUVENIL OU ENTIDADE DE VOLUNTARIADO.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE FAMILIA NUMEROSA, SE É O CASO.
- DECLARACIÓN DE NON PERCIBIR OUTRA AXUDA DE NINGUNHA ENTIDADE PÚBLICA PARA CURSOS SIMILARES.
- DECLARACIÓN DE NON ESTAR MATRICULADO EN NINGÚN CENTRO UNIVERSITARIO NO CURSO 2007/2008.
- CERTIFICADO BANCARIO ACREDITATIVO DA CONTA.

ORZAMENTO TOTAL DO CURSO	CANTIDADE SOLICITADA
0,00 €	0,00 €

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases que rexen as axudas a mozos para a realización de cursos de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
En _____ o _____	REVISADO E CONFORME	DATA EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

*ANEXO II*

A/As persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n a Dirección Xeral de Xuventude e Solidaridade a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Xunta de Galicia información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da subvención para a realización dun curso de idiomas en calquera estado membro da Unión Europea, cando a persoa que figura na alínea A desta autorización poda resultar beneficiaria.

Esta autorización outógase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación da normativa vixente no imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo de autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 2006.**

**A-DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN.**

<small>APELIDOS E NOME</small>	<small>NIF</small>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<small>SINATURA</small>	
<input type="text"/>	

**B-DATOS DOUTROS MEMBROS CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA.**

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En  o

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao director xeral de Xuventude e Solidaridade.